

Referencia:	2024/15430C
Procedemento:	Elaboración, gestión de la convocatoria y concesión de subvenciones
Interesado:	
Representante:	
NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL (4158)	

Anuncio

Resolución da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de protección animal para gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da Rede Provincial, para os exercicios 2024 e 2025, correspondente ao 2º procedemento de selección. Importe 24.997,70 euros.

De conformidade co que acordou a Xunta de Goberno desta Deputación, na sesión ordinaria do día 6 de outubro de 2025, emítase a seguinte resolución da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de protección animal para gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da Rede Provincial, para os exercicios 2024 e 2025, correspondente ao 2º procedemento de selección, que se transcribe a continuación:

1º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:

ENTIDADE	PUNTOS	CONTÍA EUROS
ASOCIACIÓN AGALLAS	69	3.677,70 €
PROTECTORA DE ANIMALES ARUME	400	21.320,00 €
		24.997,70 €

Contra este acordo se pode interpoñer, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, o ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

En todo caso, poderase interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.